



***Convocatoria de 5 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no contexto das actuacións para o fomento da lectura no ámbito educativo, pola que se incentiva o funcionamento de CLUBS DE LECTURA en centros públicos de titularidade da Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional, que acollan ensinanzas de educación secundaria, bacharelato, formación profesional (tanto en réxime ordinario como de persoas adultas), ou ensinanzas de réxime especial. Curso 2019/2020***

Segundo o recollido na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa<sup>1</sup>, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional debe prestar unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, entre os que se nomean o fomento da lectura e o uso das bibliotecas.

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia, recolle a obriga para os centros de incluír no seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) que contemple as medidas destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Este proxecto lector de centro definirá, entre outras, as liñas mestras de actuación do conxunto dos docentes co fin de mellorar a lectura comprensiva e os hábitos de lectura do alumnado.

Unha das fórmulas de maior interese para o fomento do hábito da lectura, en xeral, e entre os adolescentes en particular, é a posta en marcha dun **club de lectura**, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar aos lectores e lectoras destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquedanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas. Esta práctica de socialización e creación de comunidades de intereses ao redor dos libros e da lectura está avalada por resultados moi positivos na creación de ambientes lectores nos centros, coa participación nalgúns casos de pais, nais, e outros membros da comunidade escolar.

Poñer en marcha un club de lectura nun centro educativo consiste, basicamente, en promover a participación dun grupo de alumnado para compartir as súas experiencias lectoras, coa mediación dun adulto que conduza todo o proceso. O espazo natural para o club de lectura é a biblioteca escolar, e os tempos axeitados para a súa celebración dependen das posibilidades de cada grupo (tempos de lecer ou non lectivos), resultando imprescindible a implicación persoal do profesorado dadas as especiais características desta actividade. O número de integrantes non debe ser excesivo. A utilización das tecnoloxías de información e comunicación así como algunas das posibilidades de Internet poden enriquecer a actividade destes clubs, contribuír á lectura en diversos soportes, introducir as narrativas transmedia, e facilitar a difusión das súas propostas entre a comunidade educativa. A participación de adultos da comunidade educativa en grupos de lectura específico ou mixto (alumnado e adultos), poden enriquecer a experiencia e propiciar ambientes lectores interxeracionais.

<sup>1</sup> Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
981 54 6558  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)



As sucesivas xornadas de clubs de lectura, organizadas anualmente desde esta consellería, así como como as actividades e valoracións recollidas nas memorias presentadas polos clubs de lectura (e que se poden coñecer nos seus espazos web) puxeron de manifesto os excelentes resultados de anteriores convocatorias en apoio dos clubs de lectura en ensino secundario. É, así mesmo, moi importante a implicación das comunidades educativas no desenvolvemento desta iniciativa de fomento da lectura: preto de 12.000 lectoras e lectores involucrados directamente nos 243 centros públicos con clubs de lectura durante o curso 2018/2019. Tamén é significativa a cantidade e variedade de títulos lidos, a diversidade de xéneros (poesía, teatro, banda deseñada, ademais de narrativa) e o impacto nas redes sociais dos informes publicados sobre autores ou libros máis lidos.

Os clubs de lectura son, na actualidade, grupos de dinamización a prol da lectura nas comunidades educativas das que forman parte, e ámbitos de aprendizaxe de competencias clave para a vida, pero tamén son espazos de convivencia e de educación cidadá. Son estes grupos os primeiros en incorporarse á lectura dixital co uso dos novos dispositivos de lectura, e levan tempo integrando as tecnoloxías da comunicación e da información de forma natural nas súas actividades (blogues, vídeos, *booktrailers*, redes sociais, presentacións etc.). Aos poucos, os grupos de lectura foron creando vínculos uns cos outros e realizando actividades conxuntas que axudan a tecer unha rede de lectores na comunidade galega. Son moitas as rutas literarias que van descubrindo ou dando vida ao longo do territorio. Algunxs destes grupos recuperan as lecturas dramatizadas ou establecen liñas de colaboración con bibliotecas públicas e entidades culturais do seu medio máis próximo; outros aproveitan a rede de radios locais ou as radios escolares para contaxiar aos demais o seu gusto pola lectura. Existen clubs de lectura que acoden a centros de ensino primario ou infantil para realizar lecturas compartidas cos máis pequenos ou aos centros de persoas maiores, e comezan a estenderse as lecturas públicas en prazas e outros espazos cidadáns.

Unha das potencialidades dos clubs de lectura, tal e como amosan moitas experiencias en centros da Comunidade Autónoma, é a de incorporar á lectura a mozos e mozas que presentan resistencias; isto lógrase precisamente polo seu carácter voluntario e porque conectan, cando están ben orientados, con intereses e necesidades deste alumnado. Os clubs de lectura estanse demostrando, así mesmo, útiles para mellorar a autoestima e as habilidades sociais e de lectura de alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.

Tras unha primeira década da convocatoria de Clubs de lectura, abordouse a realización, en 2018, dun estudio cualitativo sobre as repercusións desta iniciativa na experiencia lectora de alumnado, profesorado e outros adultos que participan da actividade de clubs de lectura nos seus centros. O informe, accesible xa nunha primeira versión, será publicado na súa versión definitiva nos próximos meses, pero xa foi presentado ao profesorado na xornada de clubs de lectura de 2019. Entre as principais conclusións deste estudio, que ofrece unha visión ampla sobre o fenómeno da lectura neste contexto, obsérvase a potencialidade dos clubs de lectura para reforzar as destrezas comunicativas, pero tamén outras habilidades de tipo social, especialmente as que son imprescindibles para unha vivencia activa da cidadanía. O alumnado que participa nos grupos de lectura desenvolve recursos para enfrentar mellor a súa vida académica e social e atopa no club un espazo de inclusión e de socialización moi valorado, ao tempo que lle permite realizar lecturas más extensas e más profundas.



Xacobeo 2021



O Plan LÍA 2016-2020 de bibliotecas escolares contempla como ámbitos de actuación para este período varios desafíos entre eles o que titula “Máis e melloras experiencias lectoras” que recolle entre as súas medidas a continuidade da convocatoria dos clubs de lectura, así como o deseño e posta en marcha de iniciativas destinadas a promover a lectura entre o alumnado con necesidade específica de apoio educativo e os denominados “grupos de risco”, particularmente os adolescentes varóns.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura, decide continuar esta liña de actuación en materia de lectura e dispón:

#### **Apartado 1: *Obxecto.***

Apoiar a creación ou continuidade de clubs de lectura en centros educativos de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que acollan alumnado de ensino secundario, bacharelato, formación profesional (tanto en réxime ordinario como de persoas adultas), ou ensinanzas de réxime especial, mediante a asignación dunha contía para a posta en marcha desta actividade. O club de lectura deberá ter funcionamento ao longo de todo o curso 2019/2020 e a súa finalidade será a de fomentar hábitos de lectura entre os participantes e contribuír á creación dun ambiente proclive á experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa. Valoraranse especialmente aquelas iniciativas destinadas a impulsar a lectura de textos en lingua galega e que busquen contribuír a un maior vínculo dos mozos e mozas coa lingua e a literatura galegas. Da mesma forma, valoraranse aquellas iniciativas destinadas a fomentar a participación nos grupos de lectura de varóns, co fin de contrarrestar os estereotipos de xénero nesta materia. Igualmente, serán valoradas as propostas destinadas a impulsar a participación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, sempre segundo os requisitos xerais da convocatoria (actividade voluntaria fóra das aulas). Igualmente, valorarase a existencia dun grupo de lectura de adultos da comunidade educativa, ou de grupos mixtos (alumnado e adultos).

#### **Apartado 2: *Destinatarios.***

Poderán presentar solicitude aqueles centros que inclúan un club de lectura na programación de actividades da biblioteca escolar ou contén con profesorado que pretenda poñelo en marcha con un -ou máis- grupo(s) de alumnado e/ou membros dos distintos sectores da comunidade escolar, en tempos de lecer ou horario extraescolar.

#### **Apartado 3: *Requisitos.***

As solicitudes presentadas deberán reunir os seguintes requisitos:

- Especificación, segundo o modelo que se achega, dos seguintes aspectos:
  - Finalidades do club de lectura
  - Actividades programadas
  - Composición e número de participantes aproximado. Nº de grupos de lectura previstos.
  - Formas de organización e funcionamento previstos
  - Horario e calendario para a celebración das reunións presenciais, que deberán realizarse en tempos de lecer ou extraescolares (fóra das aulas e con carácter voluntario para o alumnado).



- Persoa responsable/coordinadora
- Medios que se utilizarán para a súa difusión.
- Ser unha actividade incluída na Programación Xeral Anual do centro (a través do Plan Anual de Lectura), para o curso 2019/2020 ou, no seu defecto, comunicarse ao claustro e ao consello escolar no presente ano 2019.

#### Apartado 4: *Dotación orzamentaria.*

Os centros dos que resulte seleccionada a solicitude de club de lectura recibirán unha asignación, destinada á posta en marcha das actividades de fomento da lectura previstas no seu proxecto, por un importe global de 220.000 euros, con cargo á aplicación 10.30.423A.640.4, destinada a programas e actuacións de fomento da lectura, correspondente ao orzamento da consellería para o ano 2019.

Todos os centros elixidos en virtude desta convocatoria recibirán unha contía, que estará en función do número total de solicitudes seleccionadas e que variará de acordo cos criterios establecidos no apartado 6 desta convocatoria. Esta asignación destinarase fundamentalmente á adquisición de libros para as actividades do club, que pasarán posteriormente aos fondos da biblioteca escolar. Tamén poderán costearse outros gastos de menor contía derivados do funcionamento do club de lectura, en cantidades que non poderán superar o 25% do total asignado.

#### Apartado 5: *Solicitudes.*

A solicitude, segundo o **modelo recollido no anexo I**, deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- Certificación da dirección do centro conforme o proxecto de club de lectura foi presentado ao claustro e ao consello escolar. Cando se trate dun club de lectura que aparece contemplado na Programación Xeral Anual, deberá sinalarse a data de presentación desta no consello escolar; de non contar con este requisito, presentarase agora ao consello escolar para a súa aprobación. Lémbrese que este requisito é necesario a efectos de cobertura oficial da actividade e de responsabilidade civil e que debe estar actualizado para o curso 2019/2020.
- **Breve descripción do proxecto de club de lectura**, segundo o guión que se inclúe no anexo I de solicitude.

As solicitudes (modelo do anexo I e documentación complementaria) presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado de carácter xeral (Código de procedemento PR004A) disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, indicando no Asunto: CLUB DE LECTURA, e dirixido á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional - Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos – **Servizo de Xestión de Programas Educativos**.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Opcionalmente, poderanxe presentar as solicitudes de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, dirixidas



ao Director Xeral de Centros e Recursos Humanos (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Edif. San Caetano, s/nº, 15781 Santiago de Compostela).

Se a solicitude fose remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación.

**O prazo límite para a presentación de solicitudes será o 15 de outubro de 2019.**

Co fin de favorecer a valoración desta solicitude **enviarase, así mesmo, en formato electrónico toda a documentación requerida** para participar nesta convocatoria a través do [endereço http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=cl1920/solicitud](http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=cl1920/solicitud)

Presentada a solicitude, examinarase para ver se reúne os requisitos esixidos e se vai acompañada da preceptiva documentación, requiríndose en caso contrario ao solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que se así non o fixera, terase por desistido da súa petición, que se arquivará, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a acompaña será comunicada polo solicitante á citada dirección xeral.

#### **Apartado 6. Criterios de selección.**

Para a selección de clubs de lectura, ademais do cumprimento dos requisitos recollidos no apartado 3, valoraranse cun máximo de 10 puntos os seguintes aspectos:

- Experiencia do club de lectura anterior a esta convocatoria (o que se xustificará mediante breve memoria da súa historia e certificación da dirección do centro. Cando se trate de centros que xa participaron na convocatoria do curso 2018/2019 terase en conta a valoración acadada pola memoria remitida no seu momento (que non é necesario reenviar). 3 puntos)
- Coherencia e calidade das actividades propostas, en función das finalidades previstas. 1 punto.
- Compromiso do profesorado responsable (que se poñerá de manifesto na descripción da organización e funcionamento previstos, nos tempos adicados ás reunións presenciais, e no número de participantes). 2 puntos
- Iniciativas destinadas ao fomento da lectura en galego. 1 punto.
- Propostas para estimular a participación de varóns nos grupos de lectura. 0,75 puntos.
- Propostas para fomentar a participación de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. 0,75 puntos.
- Formación recibida en materia de fomento da lectura por parte do profesorado responsable nos últimos tres anos (presentaranse certificacións de cursos, grupos de traballo, seminarios, etc. do período 2017/2019), 0,5 puntos.



- Implicación do resto do profesorado do centro e apertura a distintos sectores da comunidade educativa. 1 punto

#### Apartado 7: *Comisión de evaluación e resolución.*

Baixo a presidencia do director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- A Subdirectora Xeral de Centros.
- O xefe do Servizo de Xestión de Programas Educativos.
- As persoas asesoras responsables da Asesoría de bibliotecas escolares na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
- Un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Centros, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto

A comisión poderá disponer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaboración na valoración das solicitudes.

Esta comisión, unha vez revisados os proxectos presentados, elaborará unha proposta provisional de clubs de lectura seleccionados indicando as cantidades asignadas inicialmente. Á vista desta proposta da comisión, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos publicará a resolución no Portal Educativo, con comunicación a todos os centros participantes, e establecerá un período de cinco días naturais para posibles alegacións. Pasado este período, publicarase a resolución definitiva con indicación das contías asignadas finalmente.

#### Apartado 8: *Memoria final.*

As persoas coordinadoras dos clubs de lectura seleccionados nesta convocatoria de apoio a actividades de fomento da lectura, elaborarán unha breve memoria das actividades levadas a cabo durante o curso 2019/2020, na que se deberán detallar:

- Datos do centro e nome do club de lectura.
- Número de grupos, no seu caso, e número de persoas participantes en cada un.
- Calendario de reunións levadas a cabo por cada un dos grupos e horario real no que se realizaron.
- Breve descripción das actividades desenvolvidas.
- Títulos lidos ao longo do curso nas actividades do club, con detalle do idioma no que foron lidos.
- Materiais elaborados, se os houbese.
- Endereço electrónico do blog do club de lectura, no caso de existir.
- Colaboracións con outros clubs ou con outras institucións culturais da contorna, no seu caso.
- Descripción das rutas literarias creadas ou realizadas, no seu caso.

Esta memoria deberá integrarse na Memoria final do centro que se presenta no consello escolar. Á súa vez, é requisito imprescindible o seu envío a esta Dirección Xeral de Centros e RRHH, xunto coa xustificación de gasto correspondente, segundo o anexo II, **con data límite do 10 de xullo de 2020**. O envío realizarase a través dun espazo web habilitado a tal efecto e dispoñible no seguinte enderezo: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=cl1920/memoria>

Poderán ser causas de revogación total ou parcial das cantidades asignadas, a non entrega da memoria final, así como a falta de xustificación económica (ou a xustificación incompleta),



debendo proceder o centro ao reintegro das cantidades que procedan, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir.

#### **Apartado 9: Formación.**

A persoa coordinadora do club de lectura dos centros seleccionados poderá ser convocada pola Dirección Xeral a unha actividade de formación específica durante o curso 2019/2020, a XIII Xornada dos Clubs de Lectura, de obrigada asistencia, agás causa xustificada, e sendo neste caso substituída por outro profesor ou profesora do centro.

#### **Apartado 10: Premio dos clubs de lectura 2020.**

En abril de 2015, a través da Resolución de 23 de abril da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional estableceu o Premio dos Clubs de Lectura polo que se pretende recoñecer a autora ou autor galego máis lido polos clubs de lectura do ámbito educativo. Búscase valorar o traballo dos creadores e creadoras comprometidos coa lingua, que achegan a materia prima coa que os clubs de lectura poden contribuír á extensión da lectura en galego.

Para a concesión do premio teranse en conta os libros lidos polos clubs de lectura no curso precedente (nesta ocasión, no curso 2018/2019), información que se recolle trala lectura das memorias de actividades presentadas polos centros adscritos a este programa de fomento da lectura. Desta información extráese a relación de autores e autoras máis lidos. Na primavera de 2020 darase a coñecer o autor ou a autora que recibirá este Premio dos clubs de lectura 2020, que se entregará no transcurso da que será a XIII Xornada das Clubs de Lectura, coa presenza dos coordinadores e coordinadoras dos diferentes clubs, previsiblemente no mes de xuño. O Premio dos clubs de lectura poderá entregarse unha soa vez a un autor ou autora. No caso de que os primeiros creadores galegos da relación resultante xa tivesen recibido o galardón en anos anteriores, este seralle concedido ao autor ou autora seguinte na relación obtida.

#### **Apartado 11. Seguimiento e avaliación**

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos levará a cabo o pertinente seguimento e a avaliación destas actividades de fomento da lectura, e difundirá a través do portal educativo, das actividades formativas e doutros medios ao seu dispor aquelas experiencias que merezan difusión pola calidade e repercusión das súas propostas.

#### **Disposición adicional única. Información básica sobre protección de datos persoais**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario Anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-protección-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
981 54 6558  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

galicia

A fin de darrle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos dos centros docentes interesados serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/información-xeral-protección-datos>

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019  
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

  
José Manuel Pinal Rodríguez



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
981 54 6558  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

**galicia**

### Anexo I

ACTUACIÓN ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA EN CENTROS PÚBLICOS DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: CLUBS DE LECTURA 2019/2020	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	-------------------------

#### DATOS DO SOLICITANTE

Nome do Centro		Código	Nº de alumnos/as
Enderezo			
Concello	C.P.	Tfno.	e-mail
<b>Persoa responsable / coordinadora do CLUB DE LECTURA.</b>			
<b>Nome e apelidos:</b> <b>e-mail:</b> <i>(Sinalar)</i>			
<input type="checkbox"/> A persoa coordinadora do CLUB DE LECTURA é responsable da biblioteca escolar/integrante do equipo de apoio á biblioteca escolar. <input type="checkbox"/> A persoa coordinadora do CLUB DE LECTURA é profesor/a do Departamento.....			

Don/Dona ....., como director/a do centro, solicita a participación na convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 5 de setembro de 2019, pola que se incentivan CLUBS DE LECTURA como actividade de fomento da lectura para o curso 2019/2020, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. As contías asignadas, no caso de que o proxecto que se presenta resulte seleccionado, dedicaranse integralmente a costear os recursos necesarios para o funcionamiento propio dun Club de Lectura (o que deberá quedar reflectido na memoria correspondente), así como á súa difusión entre os distintos membros da comunidade escolar.

En ..... a ..... de ..... de 2019

Asdo.: .....

#### Documentación que se acompaña

<input type="checkbox"/> Proxecto das actuacións previstas (máximo 3 páxinas), no que se faga constar:
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nome do Club de Lectura.</li> <li>• Breve historia (no caso de que o club xa existise en cursos anteriores <u>e non tivese participado na convocatoria anterior</u>; deberá ter o visto e prace da dirección do centro ou acompañarse da oportuna certificación).</li> <li>• Finalidades. Relación co Proxecto Lector de Centro e a biblioteca escolar.</li> <li>• Actividades previstas. <u>Actividades específicas de impulso á lectura en galego</u>.</li> <li>• Actividades para estimular a participación de varóns (se as houber).</li> <li>• Actividades para incentivar a participación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (se as houber).</li> <li>• <u>Composición, número de grupos e número de participantes aproximado</u>. Implicación doutro profesorado do centro. Detalle da existencia, no seu caso, dun grupo de lectura de adultos.</li> <li>• <u>Forma de organización e funcionamento</u>.</li> <li>• <u>Horario e calendario previsto para as reunións de carácter presencial</u>.</li> <li>• Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade escolar.</li> </ul>
<input type="checkbox"/> Certificacións de presentación no claustro e no consello escolar (actualizado ao curso 2019/2020).
<input type="checkbox"/> Certificados acreditativos das actividades de formación (en materia de fomento da lectura) do profesorado que se responsabiliza da posta en marcha do Club de Lectura, a efectos de consideración no baremo. Período 2017-2019)

**SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL  
SAN CAETANO, s/nº, bloque 2, 2º - 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**



Xacobeo 2021

## *Anexo II*

**DOTACIÓN PARA ACTIVIDADES DO CLUB DE LECTURA, ao abeiro da convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 5 de setembro de 2019, pola que se incentiva o funcionamento de Clubs de Lectura en centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que acollan ensinanzas de educación secundaria, bacharelato, formación profesional (tanto en réxime ordinario como de persoas adultas), ou ensinanzas de réxime especial, no contexto das actuacións para o fomento da lectura en centros escolares. Curso 2019/2020.**

<b>Nome do centro</b>	<b>Código do centro</b>		
<b>Endereço</b>	<b>Localidade</b>		
<b>Código Postal</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>Teléfono</b>

## A. INGRESOS

**Cantidad total asignada .....**

A contía asignada ten carácter finalista, polo que deberá destinarse unicamente aos fins estipulados: o desenvolvemento dun club de lectura, como estratexia para o fomento da lectura na comunidade escolar, durante o curso 2019/2020. Remitirase copia simple de facturas. Os orixinais correspondentes arquivaranse no centro.

## B. GASTOS

Don/Dona ..... , en calidade de presidente/a do Consello Escolar  
do Centro, CERTIFICA:

Que as facturas que se detallan corresponden a gastos necesarios para o desenvolvimento da actividade de fomento da lectura levada a cabo no centro, denominada CLUB DE LECTURA, e que se detallan na memoria perceptiva.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

O/A Presidente/a do Consello Escolar

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL  
SAN CAETANO, s/nº, bloque 2, 2º - 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**